



COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2022

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 9 de setembro de 2022.
2. Aprobar a relación do profesorado que no curso académico 2022/2023 cumpre os requisitos para ser titor ou titora do Traballo de fin de grao en Dereito, autorizar a titorización polos profesores D. Roberto Couto Calviño e D. David de León Rey, previa solicitude expresa dos interesados, e delegar na secretaria da Facultade a competencia para realizar as actualizacións que procedan ou corrixir os erros que se detecten.
3. Estender a asignación de persoa titora e a aprobación da proposta temática do Traballo de fin de grao máis de dous cursos académicos no caso de que o traballo se atope na fase final de elaboración. A estes efectos, esixirase acompañar a solicitude do estudante do informe favorable da persoa titora no que se faga constar que o TFG está rematado ou próximo á súa finalización e a súa dispoñibilidade para manter o labor de titorización. Neste suposto, ao estar xa practicamente rematado o traballo, a extensión da titorización non afectará ao número de Traballos de fin de grao que lle corresponda asumir á persoa titora no respectivo curso académico.
4. A designación do seguinte profesorado como titores de prácticas externas do Grao en Dereito no curso 2022/2023:
 - Prof. Dra. Susana Álvarez González
 - Prof. Dra. M.^a Dolores Fernández Fustes
 - Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez
 - Prof. Dra. Natalia Torres Cadavid

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 21 de outubro de 2022, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 24 de outubro de 2022.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. sdefdo@uvigo.es